



CONCELLO DE CABANAS

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA
O 23 DE MAIO DE 2019.

Alcalde-Presidente:

D. Manuel González López (Gr.PP)

Concelleiros/as;

D^a. Esperanza Gayoso Pereiro (Gr.PP)

D. Javier Fernández Brage (Gr.PP)

D^a.Elena María Arias Martínez (Gr.PP)

D. Delfín Feal Pereira (Gr. Socialista)

D. Carlos Ladra Brage (Gr.Socialista)

D^a. Concepción Rodríguez Ferreiro (Gr.Socialista)

D. Iago Varela Martínez (BNG-Gr.Mixto)

D^a. María Eva García Amor (AEC-Gr.Mixto)

D. Xosé Manuel Pérez Sardiña (PDDdG-Gr.Mixto).

Secretario-Interventor:

D. Antonio López Vila.

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as trece horas do día vinte e tres de maio de dous mil dezanove, reúnen-se en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde don Manuel González López, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, ao obxecto de realizar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, coa asistencia do Secretario-Interventor titular don Antonio López Vila, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Sr. Presidente declara aberta e

pública a sesión, e procédese a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- CONTA XERAL EXERCICIO 2018.- Seguidamente dáse conta á Corporación da Conta Xeral do orzamento correspondente o exercicio de 2018 co expediente tramitado e documentos que a xustifican, informes de Intervención sobre a propia conta e sobre o incumprimento da estabilidade orzamentaria e regra de gasto e cumprimento do límite da débeda, co ditame da Comisión Especial de Contas de data 10 de abril de 2019, a cal foi exposta ó público segundo anuncio publicado no BOP nº 73 de data 16 de abril de 2019, sen que se presentase reclamación algunha ata esta data.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Sr. Varela Martínez como xa ten manifestado, hai partes da conta xeral que demostran que en materia fiscal este goberno traballou a salto de mata, alto número de modificacións, non só nas altas senón tamén nas baixas, gastos que non se corresponden coa realidade e despois danse de baixa froito de orzamentos copia e pega dos anteriores, baixa execución das partidas 14301 con grandes modificacións, o mesmo que a 2415.47000 con 15.000 € sen executar e non aparece en 2019, ou as partidas de saneamento e abastecemento; como leva dicindo desde hai catro anos, Cabanas merece outra política fiscal e orzamentaria para que o gasto redunde no benestar da poboación, polo que o voto será en contra.

O concelleiro de PDDdG Sr. Pérez Sardiña recorda o manifestado ao longo da lexislatura sobre os orzamentos, observacións e melloras onde se debían destinar os cartos, fundamentalmente os servizos básicos, as queixas sobre asesorías externas e outros gastos desde principios da lexislatura, repítense os criterios do PP de hai doce anos que xa se coñece a onde van, hai unha precarización dos servizos públicos a reverter na próxima lexislatura inda que empeza coa



CONCELLO DE CABANAS

elaboración dun plan económico financeiro, nesa liña haberá que traballar para que as cousas poidan ir mellor, reequilibro do Concello e poñelo ao servizo da veciñanza.

Polo grupo Socialista: o voceiro Sr. Feal Pereira considera este punto como un imperativo legal para envialo ao Consello de Contas, a rendición de contas de 2018 ven a ser un reflexo de como se organizou o orzamento, o cal tivo o voto en contra do grupo socialista e criticouse a falta de consenso na súa elaboración, o orzamento é un documento de traballo para o futuro e a conta de como se foi realizando, vese a falta de coordinación de quen ten que executalo, hai moitos puntos que se poderían ter salvado para non ter que facer un plan económico financeiro si se tiveran en conta as aportacións feitas aquí, vota en falta as reunións de voceiros e reunións construtivas da comisión de facenda, inda que votaron en contra do orzamento, aquí vanse abster para que siga o curso legal.

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con catro votos a favor de tres membros do grupo Popular e concelleira de AEC no grupo Mixto, dous en contra dos concelleiros do BNG e PDDdG no grupo Mixto, e catro abstencións dos membros do grupo Socialista e a concelleira do grupo Popular Sra. Gayoso Pereiro, acorda:

Primeiro. Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2018, a cal presenta os seguintes resultados:

Resultado orzamentario axustado	-58.789,41
Dereitos pendentes de cobro ao peche do exercicio	763.293,66
Obrigas pendentes de pago ao peche do exercicio	802.410,17
Fondos líquidos na Tesourería ao peche do exercicio	765.751,63
Remanente de Tesourería total	704.918,43
Remanente de Tesourería para gastos xerais	594.194,12
Reservas	123.794,49
Remanente de Tesourería dispoñible	470.399,63

Segundo. Dar traslado da Conta Xeral aprobada para a súa fiscalización ó Tribunal de Contas e Consello de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. RENUNCIA DO TITULAR E PROPOSTA DE NOMEAMENTO SECRETARIO DO XULGADO DE PAZ DE CABANAS. Visto o escrito presentado por D. Antonio López Vila, no cal expón que o Pleno da Corporación en data 28/03/1995 o nomeou para desempeñar o cargo de Secretario do Xulgado de Paz de Cabanas, sendo aprobado pola Xerencia Territorial de Galicia do Ministerio de Xustiza en data 24 de maio de 1995 e tomando posesión do cargo o 14 de xullo de 1995. No mesmo acordo acordábase tamén a colaboración de auxiliar administrativo e alguacil como persoal municipal, estando adscrito a tal fin na actualidade o auxiliar administrativo D. José Javier Fonte Varela.

Tendo en conta que en data próxima cesará como Secretario-Interventor do Concello de Cabanas presenta renuncia a seguir desempeñando o cargo de Secretario do Xulgado de Paz para que o Concello tramite a correspondente substitución segundo o establecido na Lei 38/1988, de Planta e Demarcación Xudicial, xa que dispón de persoal capacitado como é o auxiliar administrativo D. José Javier Fonte Varela, e solicita se acepte a renuncia ao cargo e tramitación da correspondente substitución.



CONCELLO DE CABANAS

Visto o disposto na Lei 38/1988, de Planta e Demarcación Xudicial, así como na Resolución do 17 de abril de 2012, da Dirección Xeral de Xustiza, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor de tódolos membros que neste momento o compoñen, acorda:

Primeiro.- Aceptar a renuncia ao cargo de Secretario do Xulgado de Paz de Cabanas presentada polo Secretario-Interventor do Concello de Cabanas don Antonio López Vila, cesando no dito cargo no momento de toma de posesión do novo designado para o cargo.

Segundo.- Nomear para desempeño do cargo de Secretario do Xulgado de Paz de Cabanas a don José Javier Fonte Varela, funcionario de carreira do Concello de Cabanas que desempeña o posto de auxiliar administrativo e xa está a colaborar nas labores administrativas de dito xulgado.

A prestación de servizos no Xulgado de Paz por persoal do Concello, será tomada en consideración a efectos de valoración dos complementos retributivos do posto de traballo que ocupen no Concello.

Terceiro.- Remitir certificación do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para aprobación do nomeamento proposto, de conformidade co establecido na Resolución de 17 de abril de 2012, da Dirección Xeral de Xustiza da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

3.- MODIFICACIÓN PUNTUAL RPT PARA FUNCIONARIZACIÓN DE PERSOAL LABORAL. Visto o expediente tramitado para modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do concello de Cabanas, co obxecto de funcionarización dos postos de persoal laboral fixo Técnico de emprego e desenvolvemento económico e Animadora cultural e actividades recreativas que teñen asignadas funcións que corresponderían a persoal funcionario segundo o disposto no Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei de emprego público de Galicia.

Visto o estudo coas funcións e valoracións realizadas pola empresa JL Tudó Consulting utilizando os criterios establecidos no documento da RPT aprobado polo Pleno da Corporación en data 13 de maio de 2009, coa modificación aprobada en data 26 de marzo de 2010.

Visto o procedemento a seguir e a lexislación aplicable no procedemento de modificación da Relación de Postos de Traballo, así como, a consignación orzamentaria que finanza ditos postos de traballo.

Visto o ditame favorable da Comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Persoal.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Mixto: A concelleira de AEC Sra. García Amor manifesta que sempre estará de acordo na mellora das condicións dos traballadores e que no futuro poder modificar e revisar a RPT para revisión de salarios e a posibilidade de incremento de persoal que a día de hoxe resulta escaso.

Polo grupo Popular: a voceira Sra. Arias Martínez indica que desde o grupo de goberno están completamente de acordo coa funcionarización do persoal laboral e dispostos a mostrar o seu apoio aos traballadores co fin de mellorar a súa situación, ademais de destacar a súa importante labor e traballo no bo funcionamento do Concello.

Despois de debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor de tódolos membros que neste momento o compoñen, acorda:



CONCELLO DE CABANAS

Primeiro. Iniciar procedemento para a funcionarización dos postos de traballo de persoal laboral fixo: Técnico de emprego e desenvolvemento económico e Animadora cultural e actividades recreativas.

Segundo. Aprobar inicialmente a modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello de Cabanas, coas funcións e valoración que figura no expediente, e que comprende a creación dos seguintes postos de persoal funcionario para funcionarización do persoal do apartado primeiro.

Denominación área, servizo e posto	Código/ Dotac.	Grup/ Subgr.	Nivel CD	CE/ Mens.	TP.	FP	Ad	Escala/ Subesc	Titulación.	Observacións
3. PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL										
1. Emprego e desenvolvemento económico										
Técnico emprego e desenvolvemento económico	3110/1	A/A2	22	487,06	N	C	AL	AE/ T	Diplomado Univ	Vacante
2. Cultura e deporte										
Animadora cultural e activ. recreativas	3211/1	C/C1	18	470,39	N	C	AL	AE/T	Bacharelato/ Técnico	Vacante

Terceiro.- Unha vez rematado o proceso de funcionarización, os referidos postos quedarán extinguidos como persoal laboral fixo.

Cuarto.- Someter a información pública a mencionada modificación por prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar as reclamacións que consideren pertinentes ante o Pleno da Corporación. A modificación da RPT considerárase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4.- PROPOSTA OBRAS POS+ADICIONAL 1/2019. Vista a circular da Deputación Provincial da data 30 de abril de 2019 comunicando a aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2019, así como, normas sobre a elaboración do POS+Adicional 1/2019 por maior achega da Deputación, importando a contía asignada a este Concello 221.695,63 euros, dos cales 123.558,30 xa foron incluídos na proposta inicial para o Plan Complementario, quedando dispoñibles para a 2ª fase do POS+Adicional 1/2019 a contía de 98.137,33 euros.

Vista a proposta de obras a incluír na 2ª fase, na deliberación do asunto prodúcese as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Popular: a voceira Sra. Arias Martínez considera que hai moitos máis camiños por reparar pero por peticións veciñais estes serían os primeiros que se levarían a cabo dado que se adaptan ao orzamento que achega a Deputación, despois terán que repararse os seguintes por aqueles que queden no goberno.

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos membros presentes, acorda:

1.- "Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se aceptaron na súa totalidade, e solicitar a aplicación da maior



CONCELLO DE CABANAS

achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles aos obxectivos que se indican a continuación:

MAIOR ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Mellora de camiños municipais: Camiño do Rolo e camiño do Muíño	98.137,32 €	0,00 €	98.137,32 €
Total	98.137,32 €	0,00 €	98.137,32 €
Maior achega provincial asignada ao Concello	221.695,63		
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	123.558,30		
Diferenza pendente para 2ª fase	98.137,32		

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+Adicional 1/2019 e que se relacionan nestas táboas.

2.- Declarar que o concello ten crédito ou, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

A continuación a Presidencia levanta a sesión sendo as trece horas e trinta minutos da cal estendo a presente acta, e do que eu Secretario, dou fe.

Vtº e prace.

O Alcalde

O Secretario